

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015767	Politécnico de Santiago	Santiago de Compostela	2022/2023

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SEA	Seguridade e medio ambiente	CSSEA04	Química e saúde ambiental	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MPI010	Lingua estranxeira profesional II	2022/2023	2	53	53

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	ILDARA ENRÍQUEZ GARCÍA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O Módulo de Lingua estranxeira profesional de 2º curso pretende afianzar e fortalecer aqueles aspectos que se adquiriron a nivel básico, de xeito que se poida proveer ó alumnado dunha serie de capacidades que lles permitan desenvolverse con seguridade nun entorno profesional cuxa lingua vehicular sexa o Inglés.

O Inglés convertiuse en lingua franca a nivel internacional. Se o rematar o ciclo superior de Química e Saúde Ambiental o nonso alumnado manexa con soltura aquelas capacidades que lles permitan desenvolver o seu traballo de técnico especialista a nivel internacional, a súa capacidade de inserción no mundo laboral debería ver incrementada.

Dentro de todos e cada un dos módulos profesionais perséguese que o alumnado teña autonomía no desenvolvemento das súas tarefas. O feito de poder desenvolveras noutra lingua colaborará a amarrar dita autonomía e aportaralles autoconfianza.

De igual xeito que se fixera no módulo de lingua estranxeira profesional I, todas as unidades didácticas comezaranse o mesmo tempo e pecharanse ó rematar a actividade docente dentro do período ordinario.

Como principal diferenza con respecto ó que se fixera no módulo de primeiro, nesta ocasión toda a comunicación do docente co alumnado será en Inglés en todo momento.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	LISTENING	Nesta unidade afianzarase a capacidade de poder recibir información escoitada	14	25
2	READING	Nesta unidade potenciarase poder adquirir información mediante un proceso lector	13	25
3	SPEAKING	Nesta unidade traballarase a capacidade de emitir mensaxes de forma oral (conversas, teléfono...)	13	25
4	WRITING	Nesta unidade mellorarase a capacidade de elaborar textos (p. ex. informes, e-mail...)	13	25

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	LISTENING	14

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Interpreta información do ámbito profesional do técnico superior en Química e Saúde Ambiental en textos orais e conversas complexas, en lingua estranxeira, utilizando ferramentas de apoio	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse a idea principal e as secundarias de textos orais e de conversas propios do ámbito profesional
CA1.2 Extraéronse informacións específicas de mensaxes complexas
CA1.3 Comprenderonse mensaxes de saúdo, presentación e despedida, e identifícanse as pautas de cortesía asociadas
CA1.4 Identifícanse e utilízanse as ferramentas de apoio máis adecuadas para a interpretación e a tradución da lingua estranxeira
CA1.5 Interpretouse en textos orais información sobre os produtos e os servizos do ámbito profesional
CA1.6 Analizáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos que axudan na comprensión oral

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Textos orais e conversas propios do ámbito profesional. Idea principal e ideas secundarias. Finalidade. Informacións específicas. Rexistros.
Comprensión de mensaxes complexas propias do ámbito profesional.
Mensaxes de saúdo e de despedida. Formas de presentación lingüisticamente complexas. Pautas de cortesía asociadas.
Ferramentas de apoio para a interpretación da lingua estranxeira.
Recursos lingüísticos para a tradución da lingua estranxeira.
Interpretación de información sobre produtos e servizos do ámbito profesional.
Terminoloxía do ámbito profesional.
Análise pragmática, cultural e sociolingüística da lingua estranxeira, na comprensión oral.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	READING	13

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Interpreta información profesional do ámbito do técnico superior en Química e Saúde Ambiental en textos escritos e documentos, en lingua estranxeira, utilizando ferramentas de apoio	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícaronse e utilizáronse as ferramentas de apoio máis adecuadas para a interpretación e a tradución da lingua estranxeira
CA2.2 Interpretouse en textos escritos información sobre os produtos e os servizos do ámbito profesional
CA2.3 Interpretáronse estatísticas e gráficos en lingua estranxeira sobre o ámbito profesional
CA2.4 Léronse e comprendéronse, con un alto grao de independencia, distintos tipos de textos
CA2.5 Identificouse o contido de artigos, noticias e informes sobre temas profesionais
CA2.6 Analizouse información específica en mensaxes técnicas recibidas a través de diferentes soportes
CA2.7 Analizáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos que axudan na comprensión escrita

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Textos específicos do ámbito profesional. Servizos e produtos do ámbito.
Comprensión independente de diferentes tipos de textos.
Interpretación de gráficos e estatísticas.
Lectura de textos con apoio de materiais de consulta e dicionarios técnicos.
Información específica en mensaxes técnicas.
Recursos lingüísticos para a interpretación de mensaxes escritas complexas.
Análise pragmática, cultural e sociolingüística da lingua estranxeira, na comprensión escrita.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	SPEAKING	13

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Produce mensaxes orais e mantén conversas en lingua estranxeira, en situacións habituais do ámbito profesional do técnico superior en Química e Saúde Ambiental	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Expresouse con fluidez sobre temas profesionais, marcando con claridade a relación entre as ideas
CA3.2 Utilizáronse mensaxes de saúdo, presentación e despedida, consonte as pautas de cortesía asociadas
CA3.3 Aplicáronse fórmulas comunicativas habituais na lingua estranxeira na produción de textos orais
CA3.4 Utilizouse un vocabulario técnico adecuado ao contexto da situación
CA3.5 Comunicouse espontaneamente utilizando correctamente nexos e estratexias de interacción, e adoptando un nivel de formalidade adecuado ás circunstancias
CA3.6 Formuláronse as preguntas necesarias para favorecer e confirmar a percepción correcta da mensaxe
CA3.7 Proporcionáronse as respostas correctas aos requirimentos e ás instrucións recibidas
CA3.8 Transmitíronse con fluidez mensaxes relativas a calquera eventualidade
CA3.9 Atendéronse consultas telefónicas propias do ámbito profesional
CA3.10 Aplicáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos na expresión oral

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Estratexias comunicativas para unha expresión fluída sobre temas profesionais. Relación entre as ideas e mantemento da claridade no discurso oral.
Mensaxes de saúdo, presentación e despedida. Produción consonte as pautas de cortesía asociadas.
Fórmulas comunicativas habituais na lingua estranxeira na produción de textos orais.
Vocabulario técnico adecuado ao contexto da situación.
Estratexias de interacción en conversas habituais do ámbito profesional. Uso correcto de nexos. Nivel de formalidade adecuado ás circunstancias.
Preguntas necesarias para favorecer e confirmar a percepción correcta dunha mensaxe. Respostas correctas aos requirimentos e ás instrucións recibidas.
Fluidez na transmisión de mensaxes relativas a calquera eventualidade.
Consultas telefónicas propias do ámbito profesional.
Aplicación de usos pragmáticos, culturais e sociolingüísticos específicos da lingua estranxeira, na expresión oral.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	WRITING	13

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Redacta e cobre documentos de carácter profesional no ámbito do técnico superior en Química e Saúde Ambiental, coa cohesión e a coherencia requiridas para unha comunicación eficaz.	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Formalizáronse con corrección e empregando a terminoloxía específica formularios, informes breves e outro tipo de documentos normalizados ou rutineiros
CA4.2 Redactáronse cartas, correos electrónicos, notas e informes consonte as convencións apropiadas para estes textos
CA4.3 Resumíronse informacións de revistas, folletos e outras fontes, sobre asuntos relacionados co ámbito profesional
CA4.4 Aplicáronse fórmulas comunicativas habituais na lingua estranxeira na produción de textos escritos
CA4.5 Elaboráronse documentos propios da actividade profesional cunha estrutura coherente e con cohesión, empregando o vocabulario e os signos de puntuación adecuados
CA4.6 Elaboráronse documentos de incidencias, reclamacións e outras eventualidades
CA4.7 Redactouse a carta de presentación para unha oferta de emprego
CA4.8 Elaborouse un curriculum vitae no modelo europeo (Europass) ou outros propios dos países da lingua estranxeira
CA4.9 Aplicáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos na expresión escrita

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Formalización de formularios, informes breves e outros documentos normalizados ou rutineiros.
Redacción de cartas, correos electrónicos, notas e informes.
Estrutura coherente e recursos cohesivos.
Vocabulario específico do ámbito profesional.
Elaboración de documentos de incidencias, reclamacións e outras eventualidades.
Redacción de cartas de presentación para ofertas de emprego.
Elaboración do curriculum vitae.
Aplicación de usos pragmáticos, culturais e sociolingüísticos específicos da lingua estranxeira, na expresión escrita.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Como dato fundamental para poder acadar a avaliación positiva neste módulo, o alumnado deberá comprender ó docente, que se dirixirá nas aulas empregando unicamente o inglés como linguaxe vehicular.

Para poder obter unha avaliación positiva do módulo cumprirá obter unha cualificación positiva nas actividades prácticas e nas probas escritas.

A ponderación das notas será dun 70% para as probas escritas, un 20% para a proba oral e un 10% para as actividades de aula e participación

Haberá que obter unha media de 4 en cada unha das partes.

O alumnado redactará as probas escritas que se lle requira, valorándose positivamente aqueles elementos gramaticais e xiros lingüísticos propios dunha comunicación fluida, e haberá unha serie de xiros e expresións que deberán ser empregadas en contexto para acadar unha valoración positiva.

O alumnado acadará un nivel de comunicación verbal, onde toda a comunicación será en inglés, e terá que empregar unha serie de expresións mínimas para poder acadar a valoración positiva.

Será preciso realizar o 85% das actividades prácticas.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para aquel alumnado que non superara algunha das avaliacións dentro do periodo ordinario faranse actividades de recuperación que poderán ser individualizadas ou colectivas, dependendo do número de persoas que precisaran facer a recuperación.

As actividades estarán dirixidas a reforzar aquelas partes nas que non se acadou unha avaliación positiva. Considerando que se trata dun módulo de lingua estranxeira profesional, máis que en calquera outro tipo de módulo, o procedemento de avaliación continua pode permitir ver que se recuperan as partes non superadas porque o emprego dos recursos requiridos son de emprego constante e recorrente no transcurso do curso.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado con perda de dereito á avaliación continua realizará unha proba extraordinaria que poderá ser en marzo ou xuño, coincidindo coa proba que se lle faga a aquel alumnado que unicamente ten que superar algunha parte.

A proba extraordinaria terá unha parte escrita e outra práctica, na que terá que expresarse e recibir indicacións de modo oral.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación irase facendo de xeito que tódalas actividades se abrirán ó comezo do curso e pecharanse cando este remate dado que non se poden segmentar de xeito independente cada unha das capacidades que se queren adquirir mediante as unidades deseñadas. A lectura é fundamental para poder escribir correctamente e a expresión oral está intimamente relacionada coa escoita da mesma.



Conforme se vaian completando actividades se irán comentando na actividade de seguimento.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial comeza dende punto e hora que se cambiou a lingua vehicular na aula e o docente se dirixe o alumnado de xeito ininterrompido en lingua inglesa. Dende o primeiro momento se comproba como é a capacidade comprensiva do alumnado, permitindo ver se as bases creadas no primeiro curso de lingua estranxeira profesional se mantiveron. A maiores o alumnado cumprimentará un pequeno cuestionario con preguntas de gramática, vocabulario e de escritura libre, para ter unha idea xeral do nivel da clase.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A atención a diversidade e a vía que permite individualizar, dentro do posible, o proceso de ensinanza e aprendizaxe, para elo aplicaranse as seguintes medidas:

> Procurarase adaptar a forma de enfocar ou presentar os contidos e actividades en función dos distintos graos de coñecementos previos detectados n@s alumn@s e dos seus diferentes graos de autonomía.

> Farase a previsión dun número suficiente de actividades para cada un dos contidos considerados fundamentais, con distinto nivel de complexidade, de maneira que poidan traballar eses contidos con esixencias distintas. Prepararanse tamén actividades referidas a contidos non fundamentais, complementarios ou de ampliación, para aqueles alumn@s que poidan avanzar mais rapidamente ou que o fan con menos necesidade de axuda e que, en calquera dos casos, poden afondar en contidos a través dun traballo mais autónomo.

Se algún membro do alumnado presentara algún tipo de necesidade educativa especial, como por exemplo unha discapacidade física, acordarase entre o profesorado do ciclo e o Departamento de Orientación do centro o protocolo de actuación en función de cada alumno e de cada minusvalía. En calquera caso, no módulo de Mostraxe e preparación da mostra estableceranse as adaptacións posibles de tempo, espacio e medios para que se alguén o precisara por ter necesidades educativas especiais gocen de similares oportunidades á hora de realizar as actividades e os exames que o resto do alumnado.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Fomento do traballo en equipo.

> Entender que a función de cada participante nun grupo é fundamental para a conclusión exitosa das tarefas encomendadas a dito grupo.

> A vaga de colaboración perxudica o grupo, pero tamén empobrece a quen a practica.

Non se permitirán actitudes que menoscaben a integridade persoal hacia ningún membro do alumnado. As particularidades de cada persoa do grupo deberán ser respetadas e non serán obxecto de burla ou motivo de illamento.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Neste módulo non será fácil dispor do tempo necesario para poder facer unha actividade fóra do centro. Procurarase, dentro da medida do posible, poder facer unha conexión a través de plataformas virtuais con alumnado angloparlante de nivel técnico e académico similar.